



RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE CONCURSO PARA A ELABORACIÓN DA EXPOSICIÓN SOBRE O AUTOR HOMENAXEADO O DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2020, RICARDO CARVALHO CALERO

FEITOS

- 1 A Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa convocaron o 22 de outubro de 2019 un concurso para a elaboración dunha exposición sobre a obra, a época e a lingua do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2020 –Ricardo Carvalho Calero– e/ou sobre a situación sociolingüística da etapa histórica na que este viviu.
- 2 O obxecto deste concurso foi a elaboración dunha exposición de 10 carteis sobre Ricardo Carvalho Calero e dun caderno didáctico que guíe a observación dos carteis e fomente o labor de investigación do alumnado sobre a obra, a época, a lingua e a etapa sociolingüística do autor homenaxeado.
- 3 Neste certame puideron participar todos os centros docentes de ensino público non universitario dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.
- 4 A convocatoria estableceu dúas categorías:
Categoría A: para os centros de educación infantil e primaria.
Categoría B: para os centros de educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional e ensinanza de réxime especial.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- 1 A xestión da convocatoria realizouse conforme as bases da convocatoria, establecidas na Resolución da Secretaría Xeral de Política Lingüística, da Consellería de Cultura e Turismo, e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, do 22 de outubro de 2020.





Unha vez recibido o ditame da Comisión de Selección, que valorou os traballos presentados segundo o establecido na base 10 da convocatoria,

RESOLVEMOS:

- 1 Agradecerlles a todos os participantes o seu traballo e esforzo.
- 2 Declarar gañador do concurso na categoría A (educación infantil e primaria) a exposición **Recordando Carvalho Calero**, elaborada polo CEIP Xesús San Luís Romero de Carballo (A Coruña), que recibirá o premio establecido na base 4.
- 3 Declarar gañador do concurso na categoría B (educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional e ensinanzas de réxime especial) a exposición **Unha vida polo galego**, elaborada polo IES Ferrol Vello, de Ferrol (A Coruña), que recibirá o premio establecido na base 4.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

O secretario xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Manuel Corredoira López

